

PROXECTO DE VOLUNTARIADO

Un proxecto de voluntariado é unha unidade operativa (anual) do proceso de planificación da intervención voluntaria que está orientado a producir determinados bens ou a prestar servizos específicos.

ÍNDICE

1. Nome do proxecto
2. Análise da realidade
3. Identificación da intervención
4. Obxectivos
5. Actividades
6. Recursos dispoñibles
7. Coordinación e seguimento
8. Indicadores e avaliación

1.- NOME DO PROXECTO

2.- ANÁLISE DA REALIDADE

Hai que definir o grupo co que imos a traballar. É dicir, a que persoas se dirixe o proxecto e que características teñen. Convén elaborar unha descrición da poboación (idade, sexo, formación, clase social, etc.)

3.- IDENTIFICACIÓN DA INTERVENCIÓN

Representa unha descrición das condicións que motivaron a proposta de intervención ou o proxecto operativo. Describe o contexto de partida (momento histórico, situación e características detectables da comunidade, institución, persoal, etc.) onde se sitúa a análise que proverá a detección de indicadores iniciais e variables que conformarán o diagnóstico de situación. Xustifica, desde a análise, o porqué das intervencións que se proxectan.

Unha vez realizada a fundamentación e diagnóstico do proxecto atopámonos en condicións de executar a planificación.

4.- OBXECTIVOS

Hai que definir os obxectivos que se queren acadar coa intervención deseñada no proxecto e focalizar o tema para centrar a análise definindo aspectos específicos que se queren conseguir. En cada proxecto, se detallan as metas a alcanzar, de modo claro, e preciso. Aconséllase abordar un ou dous obxectivos xerais, para non sobredimensionar o proxecto de intervención nunha proporción inalcanzable ou de dubidoso alcance. O mesmo se suxire para os obxectivos específicos.

Os obxectivos dun proxecto son los logros que queremos alcanzar coa execución dunha acción planificada e xorden do diagnóstico das necesidades realizado na análise da realidade.

Obxectivos xerais

Son os propósitos ou metas que conforman o marco de referencia do proxecto. Como exemplo podemos indicar que para formular obxectivos xerais adóitanse empregar verbos do estilo de: coñecer, comprender, analizar, avaliar, etc.

Obxectivos específicos

Os obxectivos específicos: son especificacións máis concretas e pormenorizadas dos obxectivos xerais. Identifican de xeito máis claro e preciso o que se pretende acadar co proxecto. Estes obxectivos restrinxen o significado dos xerais. Facilitan a mellor estruturación do proxecto e poden desenvolverse para a súa análise.

Para formular obxectivos específicos é necesario utilizar verbos de acción, tales como: deseñar, enumerar, resolver, clasificar, calcular, comprobar, repetir, ordenar, diferenciar, xulgar criticamente, comparar, decidir, etc.

Dicir finalmente, que é conveniente que todo o equipo que vai levar a cabo o proxecto participe na elaboración do mesmo, se debata e se chegue a un consenso, comprometéndose todos os membros a asumilo.

5.- ACTIVIDADES

Convén ter en conta as actividades que se van desenvolver no proxecto. Especificaranse as accións a realizar así como a planificación de actividades variadas para acadar os obxectivos do proxecto.

O cronograma corresponde ás diversas accións desde o inicio do proxecto ata o remate do mesmo. Ten como finalidade establecer as etapas do proxecto e indicar en que datas se levarán a cabo as actividades.

Para materializar todo proxecto é preciso a execución secuencial e integrada de diversas actividades. Así, ao deseñar o proxecto indicaranse de xeito concreto e preciso as actividades programadas para acadar os obxectivos. Polo tanto, hai que ter en conta os seguintes aspectos:

1. Especificar e enumerar as actividades que se van realizar.
2. Distribuír o tempo para o desenvolvemento das actividades, indicado a data de inicio e de remate de cada unha delas.
3. Secuenciar as actividades e as tarefas: calendario de traballo e axenda de actividades.
4. Indicar os recursos necesarios (humanos, servizos, equipo, diñeiro, etc.) para cada actividade.

As etapas encadéanse en secuencias sucesivas e coordinadas que se articulan entre si. Determinarase a duración de cada etapa e definirase a secuencia das mesmas no proxecto.

6.- RECURSOS DISPONIBLES

Para realizar un proxecto é necesario contar cuns recursos que posibiliten que o proxecto se leve a cabo. Se terán que prever recursos **humanos, materiais e financeiros**.

Humanos

Identificar ás persoas que participarán no proxecto e en cada unha das súas actividades. Definir e distribuír as distintas funcións e tarefas. Identificar as distintas actividades e as persoas responsables da súa realización, así como a capacitación, a experiencia e o tempo que poderán dedicarlle ao proxecto. Os recursos humanos poden ser persoal técnico e voluntario.

É importante indicar o número de persoas voluntarias por actividade e o número total de persoas voluntarias no proxecto, así como as tarefas que realizan.

Así mesmo, neste apartado deberase facer **menção expresa a:**

- Que as persoas voluntarias asumirán os dereitos e obrigacións conforme á Lei 10/2011, do 28 de Novembro, de acción voluntaria.
- Que o labor das persoas voluntarias estará enfocado no apoio e acompañamento do persoal especializado ou técnico que puidese estar ao cargo.
- Que as persoas voluntarias non reciben ningún tipo de remuneración e que á súa acción voluntaria non substitúe ao traballo remunerado ou prestación de servizos profesionais retribuídos.

Materiais

Débese facer unha enumeración o mais detallada posible dos recursos materiais que se terán que utilizar ao longo do proxecto. Ter presente:

- As instalacións necesarias.
- Material funxible, de índole diversa.
- Instrumentos, materiais, ferramentas, etc.
- Material audiovisual, de transporte, deportivo, cultural, etc.

Financeiros: orzamento económico

Son os fondos propios cos que conta a entidade para realizar un proxecto de intervención e os que necesita mediante subvencións, convenios, etc., para completar o orzamento do proxecto.

Para as axudas ou subvencións débese contar cun financiamento mínimo de fondos propios que se completa coas cantidades solicitadas para así poder desenvolver os proxectos.

O financiamento permite prever como serán os gastos e que institución, organización, ou actividades van financiar o proxecto.

Hai que ter previstos os gastos de desenvolvemento. Elaborar un orzamento realista que cubra os gastos materiais, de reunións, de transporte, de locais, de equipos, de salarios, etc.

Para facer o orzamento terase que calcular por adiantado que gastos haberá que facer e de onde saíran os ingresos. O orzamento planificado debe responder aos obxectivos que a asociación se marcou. E equilibrará as entradas e saídas de diñeiro da entidade ao longo dun período de tempo determinado.

INGRESOS	IMPORTES	PORCENTAXES (%)
Financiamento público		
Financiamento privado		
Financiamento propio		
Total		
GASTOS	IMPORTES	PORCENTAXES (%)
Persoal		
Material		
Seguros		
Dietas/desprazamentos		
Total		

7.- COORDINACIÓN E SEGUIMIENTO

É importante mencionar que todo programa de voluntariado deberá contar cun membro da organización que coordine o programa e que se encargará das seguintes tarefas:

1. Coordinar o programa de voluntariado.

2. Manter a coherencia do programa: establecendo as políticas e velando polo seu cumprimento.
3. Prover aos voluntarios de información, capacitación, recoñecemento e avaliación.
4. Manter fluídas as canles de comunicación entre os voluntarios e a organización.

8.- INDICADORES E AVALIACIÓN

Os indicadores son elementos fundamentais **en todas as fases de planificación** xa que miden o cumprimento dos obxectivos, dos resultados e dos orzamentos. Poden ser traducidos en números, procesos ou feitos que indiquen cambios cualitativos dunha condición específica dada. As fases poden ser:

- 1) Identificar o indicador (Ex.: acompañamento)
- 2) Especificar o grupo beneficiario (Ex.: persoas con discapacidade)
- 3) Cuantificar (Ex.: nº de usuarios que demandan a acción)
- 4) Establecer a calidade (Ex.: fidelidade temporal e humana do servizo)
- 5) Determinar o tempo (Ex.: un ano)
- 6) Definir a ubicación (Ex.: urbana/rural)

Para a avaliación do proxecto analizaranse as fortalezas e debilidades deste, apoiándose nos indicadores iniciais e no resultado das conclusións xurdidas do procesamento de datos obtidos (entrevistas, enquisas, observacións, etc.) e o marco de teoría (aportados na fundamentación).

Os indicadores de avaliación permítenos medir o grao de consecución dos obxectivos propostos. Deben establecerse durante o deseño do proxecto, caso contrario, terían que reconstruírse durante a avaliación de xeito menos fiable.

Terán que ser concretos e permitir unha boa medición dos resultados, para iso deben reunir os seguintes requisitos:

1. Independencia. Cada obxectivo específico, polo menos, debe ter un indicador propio.
2. Verificable. Debe permitir comprobar de forma empírica os cambios que se van producindo co proxecto.
3. Validez. Deben medir o que se pretende medir. En conxunto, teñen que reflectir os efectos do proxecto.

Dependendo dos diferentes ámbitos de actuación do proxecto, os indicadores se clasifican en catro tipos posibles:

1. **Indicadores técnicos.** Refírense á adecuación dos recursos que se utilizan respecto aos obxectivos e natureza da acción. Por exemplo, "recursos utilizados sen estar previstos".
2. **Indicadores económicos.** Referidos aos custes de rendibilidade do proxecto. Por exemplo, "a relación entre o custe previsto e o final".
3. **Indicadores de organización.** Referidos ao sistema de xestión, plan de actuación e apoios complementarios. Por exemplo, "cantas persoas doutras institucións colaboraron no proxecto".
4. **Indicadores de impacto social.** Refírense ao cumprimento de obxectivos do proxecto, aceptación dos beneficiarios e consolidación no contexto onde se desenvolve. Por exemplo, "Aceptación do proxecto por parte dos beneficiarios".